

XXXIII LIGA DE TENIS DO MORRAZO - MANOLO MAÑANITA



Normas Xerais - Liga 2025/26

SISTEMA DE COMPETICIÓN

LIGA: 2025/26. GRUPOS:

- O sistema de competición será o mesmo nas categorías (1ª A, B, C / 2ª A, B...). Desenvolverase en 2 fases. A 2ª Fase comezará en xaneiro e será tamén tipo liga.
- Na categoría SUB 16, haberá unha fase única (tipo liga).

1ª Fase

- Os xogadores/as agruparanse en grupos de 7 (segundo o número de inscritos), xogando tipo liga: todos contra todos (tanto en 1ª como en 2ª e Sub 16).

2ª Fase

- Ao remate da 1ª Fase, o 1º e 2º de cada grupo pasarán a formar parte do Grupo "A" (conxuntamente co preclasificado da liga anterior: RUBÉN VIZOSO).
- O 3º e 4º ao Grupo "B", e o 5º, 6º e 7º ao Grupo "C".
- En 2ª división empregarase o mesmo sistema.
- En SUB 16 non haberá 2ª fase.

COMEZO DA LIGA

8 DE NOVIEMBRE

PREZOS

- Socios: 20€
- Non socios: 30€

CALENDARIOS

- Baixalos da páxina do club ou solicitalos ao encargado do grupo.

PAGO DA INSCRICIÓN

- Terá que facerse obrigatoriamente antes de xogar o 2º partido, no caso de non ter domiciliado o seu pago.

TROFEOS

- Habrá trofeos para os 2 primeiros clasificados de cada un dos grupos na 2ª fase.

1-7. NORMAS DE PARTIDOS

1. Os partidos serán ao mellor de 3 sets; o 3º set, en caso necesario, será super tiebreak.
2. Os partidos xogaranse nas datas e horas sinaladas pola organización. Se algún dos xogadores/as se retrasa máis de 15 minutos, perderá por WO (6/0, 6/0). Unha vez comezado o partido só se poderá interromper por falta de visibilidade ou por choiva. De facelo por outra causa, ao xogador/a que abandone a pista daráselle o partido por perdido.
3. O quecemento será de 5 minutos como máximo.
4. Os xogadores/as terán que aportar un bote de bolas en boas condicións.
5. O gañador terá que comunicar o resultado do partido á persoa da Directiva responsable do seu grupo/división:

- Coordenador da Liga: JORGE BERNÁRDEZ – 650 42 41 33

- 1ª división. Grupos A e B: JORGE BDEZ. – 650 42 41 33

- 1ª división. Grupo C: CARLOS GLEZ. – 650 42 41 36

- 2ª división. Grupos A e B: JOSÉ ÁNGEL GLEZ. – 650 42 41 34

- SUB 16: JORGE GONZÁLEZ – 605 03 74 27

Ou ben enviar os resultados a esta dirección de e-mail: cluteca@gmail.com

6. En caso necesario, a organización nomeará un árbitro, avisando cunha semana de antelación.

7. As baixas dos xogadores/as que se produzan ao longo da liga comunicaranse a través da páxina web.

8. APRAZAMENTOS

- Tentarase adiantar os partidos e non atrasalos. A persoa que apraza o partido chamará ao seu rival, polo menos, con 24 horas de adianto.

- O xogador/a ao que lle aprazaron o partido terá que comunicalo á organización, ao responsable do seu grupo. Noutro caso daráselle o partido por aprazado aos 2 xogadores/as.

- Só se poderán ter 2 partidos aprazados; de non ser así, darase por perdido o partido que leve máis tempo aprazado.

- A norma anterior invalidarase na última xornada; posto que, rematada a 1ª fase, daranse 2 xornadas para disputar os partidos atrasados.

A organización pregalles aos participantes que, na medida do posible, eviten os aprazamentos. Hai horarios dispoñibles para posibles aprazamentos. Consultar cos encargados de cada grupo. Ao rematar a 1ª fase haberá datas para os casos que, por razóns xustificadas, non se puideran adiantar nas datas asignadas pola organización.

9. PUNTUACIÓN

- Partido gañado: 3 puntos

- Partido perdido: 1 punto

- Partido perdido (WO): -3 puntos

10. Desempates en clasificacións finais

- 1º: Puntos totais.

- 2º: Se hai empate a puntos entre 2 xogadores/as: referencia ao enfrontamento entre ambos.

- 3º: Se hai empate a puntos entre varios/as xogadores/as: teranse en conta os puntos dos enfrontamentos entre eles; de proseguir o empate será a diferenza de sets (nos seus enfrontamentos) e, no caso de continuar empatados, a diferenza de xogos.

11. Horas libres e pistas

- En cada xornada haberá dentro do horario algunha hora na que as pistas estean “libres”. Os xogadores/as interesados en aproveitar esa hora para disputar o seu partido terán que facelo coa autorización da persoa encargada do seu grupo e do coordinador da liga.

- Teléfono do coordinador: 650 42 41 33 (Jorge Bernárdez).

- Nos casos que se desexen xogar partidos atrasados pola semana en Rodeira: o club non garante un horario preciso. Xogarse dentro das posibilidades de uso das pistas.

- Os fins de semana Rodeira, en principio, atópase libre, polo que se pode dispoñer das pistas para xogar partidos de liga. A competición este ano concéntrase en San Roque (pistas exteriores). Algún fin de semana pódese trasladar a competición de liga ás pistas de Rodeira, no caso de que en San Roque haxa competición por equipos.

Os resultados dos partidos terán que seren comunicados: por mensaxe ao encargado do grupo, por e-mail ao correo do club.

12. Organización e ránking

A organización poderá, de xurdir o caso, é dicir, de haber unha ou máis prazas libres, cubrilas con xogadores/as que por ránking lles corresponda entrar nunha determinada categoría, atendéndose sempre ao ránking do club. O ránking do club queda establecido polo da Federación e pola clasificación da liga (teranse en conta as 2 últimas).

13. Redes – S. Roque-Darbo

No Colexio de S. Roque-Darbo as redes serán colocadas e retiradas pola persoa responsable da categoría que xogue ese domingo. No caso de ser un equipo quen utilice as pistas o domingo, o responsable da retirada das redes será o capitán do equipo.

14. Eliminación por incomparecencia

O xogador/a que non se presente a 3 partidos, tanto na 1ª como na 2ª fase, sen causa xustificada, será automaticamente eliminado da competición, podendo no caso de 3ª ocuparse a súa praza con algún reserva.

Cláusula final

A organización outórgase a facultade de cambiar, previo aviso aos participantes, e sempre tentando mellorar a liga, as presentes normas, o sistema de competición e os calendarios.